

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH)

25 de novembro de 2022. Presentación en Roda de prensa do documental:

## **CAMARADA FRAGA**

### **MEMORIA DUN FASCISTA**

**Centenario do seu nacemento (23-11-2022)**

#### **1. CARA A E CARA B DO DISCO DA BIOGRAFÍA DE FRAGA**

Xa coñecemos a biografía oficial, profusamente difundida: Manuel Fraga era un gran demócrata, trouxo a liberdade de prensa, home de Estado, pai da Constitución, honrado, galeguista etc. Cando se cumpre o centenario do seu nacemento, é un bo momento para difundir a biografía silenciada, a cara B dun Fraga con 35 anos de militancia franquista e servizos a unha ditadura criminal.

Non se trata de vulgar a traxectoria de Fraga desde as primeiras eleccións democráticas de 15 de xuño de 1977 até o seu falecemento. Queremos analizar o seu papel como membro activo da ditadura franquista e participante nun órgano colexiado, como o Consello de Ministros da Ditadura, que aplicaba unha política de “graves violacións dos dereitos humanos”, como sinalaba a Lei da Memoria Histórica de 2007.

O ditador Franco sempre estivo moi agradecido ao “Camarada Fraga” (era tamén o tratamento entre os fascistas) polos servizos prestados, como recollía o Decreto 154/1961, de 2 de febreiro do Caudillo Francisco Franco: “A propuesta del Ministro Secretario General del Movimiento, cesa el **camarada Manuel Fraga Iribarne** en el cargo de Delegado Nacional de Asociaciones de Falange Española Tradicionalista y de las JONS, agradeciéndole los servicios prestados” (BOE de 9 de febreiro de 1961).

#### **2. PARA FRAGA A RESPONSABILIDADE DA GUERRA CIVIL FOI DA REPÚBLICA**

“Los muertos amontonados son de una guerra civil en la que toda responsabilidad, toda, fue de los políticos de la II República. Toda!” (Manuel Fraga en *El País*, 2007).

En Galiza houbo máis de 6.000 persoas asasinadas despois do golpe de Estado de 1936.

**Julián Casanova**, catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Zaragoza: “La Guerra Civil es resultado de un golpe de Estado y de una sublevación militar”.

#### **3. GRAN DEMÓCRATA**

*Unha biografía secuestrada. Falanxista desde 1937.* Manuel Fraga afiliouse á Falanxe con 15 anos en 1937 porque "era lo más interesante en aquel momento", segundo declaraba a Miguel Ángel Aguilar. En 1961 formaba parte do Consello Nacional de Falange.

Simpatía polo fascismo e relacións con ditadores de todo o mundo. Negación do Holocausto xudeu e dos crimes da Inquisición española.

**Promotor de AP, despois PP.** Promove Alianza Popular, xuntamente con ministros da ditadura e significados franquistas, coñecidos como “Los Siete Magníficos”. Esta era a crónica do congreso fundacional, que confirma a orixe franquista do PP: "Neofranquistas entusiasmados celebraron su primer congreso. Los siete líderes de Alianza Popular anunciaron su federación y el paso hacia un partido único. Gritos de Franco, Franco de 3.000 fervorosos congresistas". (Portada de *Diario 16* do 7 de marzo de 1977)

**Dirixentes do PP promoveron a Fundación Francisco Franco:** Fernando Dancausa, alcalde de Burgos na ditadura; Borja Benítez de Lugo, senador do PP.

**Loubanzas ao ditador.** Fraga consideraba que o xuízo da historia sobre Franco será positivo. Nunha entrevista no xornal italiano Corriere della Sera, Fraga deixaba clara a súa opinión do Réxime e do ditador Franco, que definía como un “pacificador” e valoraba así o seu mandato: “Ao final o xuízo da historia sobre Franco será positivo, tanto sobre 1939 como ao final en 1975”.

“Non ten ningún sentido intentar borrar a Franco. Sería como hacer desaparecer a Isabel la Católica por reconquistar Granada”. (*EFE/La Voz de Galicia*, 16-11-2005)

#### **4. SERVIDOR DO ESTADO**

Isto dicía a Resolución 39 da Asemblea Xeral da ONU de 12 de decembro de 1946: “De acordo coa súa orixe, natureza, estrutura e conduta xeral, o réxime de Franco é un réxime Fascista baseado no modelo da Alemaña nazi de Hitler e a fascista de Mussolini, e establecido en gran parte grazas á axuda recibida dos mesmos”.

Fraga tiña outra opinión: "Es evidente que el glorioso alzamiento popular del 18 de julio de 1936 fue uno de los más simpáticos movimientos político-sociales de que el mundo tiene memoria. Los observadores imparciales y el historiador objetivo han de reconocer que la mayor y la mejor parte del país fue la que se alzó, el 18 de julio, contra un Gobierno ilegal y corrompido, que preparaba la más siniestra de las revoluciones rojas desde el poder" (Manuel Fraga Iribarne. *Oficina de Información Diplomática*, 1949).

“El franquismo ha sentado las bases para una España con más orden. De hecho, no hay más que comparar la España de hoy con la de los años 30” (Entrevista en *Faro de Vigo*, 30-12-2007).

#### ***Servidor durante 35 anos dunha ditadura criminal e terrorista***

Fraga sempre recoñeceu os seus servizos á ditadura. No libro de Vázquez Montalbán *Mis almuerzos con gente inquietante* (1984) dicía: “Serví lealmente a Franco. Serví al Estado franquista”.

#### **5. GALEGUISTA**

##### ***Secuestro da obra de Castelao e represión contra o idioma galego***

Prohibiu a difusión de *Sempre en Galiza*. Con Fraga de ministro de Información e Turismo e responsábel da censura, Alberto Míguez foi multado con 50.000 pesetas e condenado polo Tribunal de Orden Público (TOP) a seis meses de cárcere pola publicación en 1965 de *El pensamiento*

*político de Castelao* pola editorial *Ruedo Ibérico*. Todo isto non impediu a Fraga entregar fachendoso os *Premios Castelao*.

En 1962 un xornal usa Carballiño e o ministro Fraga Iribarne ordena que sexa Carballino. En 1967 censúrase unha obra de teatro porque contén o poema “Lingua proletaria do meu pobo” de Celso Emilio Ferreiro e Fraga impide que haxa misa en galego na radio.

## **6. FIGURA FUNDAMENTAL NA TRANSICIÓN. PAI DA CONSTITUCIÓN**

*Despois da morte de Franco non quería legalizar a todos os partidos*

***Prohibición de manifestacións.*** Os sindicatos e a oposición preparaban o 1º de maio de 1976 e Manuel Fraga, daquela ministro de Gobernación, prohibía todo tipo de manifestacións: “La calle es mía”.

***Xustificación do Estado de Excepción e da represión.*** Fraga xustificaba así o Estado de Excepción de 24 de xaneiro de 1969: “para luchar contra las acciones minoritarias sistemáticamente dirigidas a alterar la paz española (...) y evitar que se arrastre a la juventud a una orgía de nihilismo y anarquía”. Estaba en Londres o 20 de maio de 1974, de embaixador no Reino Unido, e cando un reporteiro da axencia Reuters pregunta con que lexitimidade se constituiría o novo goberno, Fraga responde: “¡Con la legitimidad de las metralletas!”

O 3 de marzo de 1976 cinco traballadores eran asasinados pola policía en Vitoria á saída dunha asemblea pacífica, celebrada nunha igrexa, e Fraga declaraba: “El que no haya aprendido la lección de Vitoria, él verá lo que hace (...) el que quiera plantear la lucha, la tendrá. Con todas las consecuencias. ¡Dejémonos de pamplinas!”.

***“Pacto del olvido”.*** Manuel Fraga era moi claro: “Aquí hubo una amnistía, y amnistía quiere decir no solamente mutuo perdón, sino mutuo olvido. Amnistía quiere decir amnesia, y eso, insisto, quiere decir olvidar, olvidar” (entrevista de María Antonia Iglesias en *El País*, 12-8-2007).

***23-F de 1981.*** Despois do fracasado golpe de Estado, Fraga manifestaba que os golpistas “estaban llenos de buena voluntad”.

***Los GAL eran un “Movimiento de autodefensa”.*** Fraga xustificaba os crimes dos GAL e en 2002 manifestábase en contra do esclarecemento deses crimes. Cualificou este terrorismo de Estado como “Movimiento de Autodefensa”.

## **7. HONRADO O E BO XESTOR**

***Promotor do financiamento ilegal do PP.*** A militancia en AP, despois PP, de significados contrabandistas e narcotraficantes era de dominio público. As súas doazóns ao partido chegaron a 1.000 millóns de pesetas entre 1980 e 1990. O sumario da Gürtel recolle que dos 12 millóns de euros que o PP habería pagado en diñeiro negro para organizar actos electorais en distintas comunidades autónomas, 5,9 millóns de euros poderían corresponder a Galiza.

## **8. BOA PERSOA**

***Comportamentos inhumanos.*** Cando en 1963 había unha folga de mineiros en Asturias, Fraga

chamou “piojosas” ás mulleres dos mineiros que foron rapadas no cuartel da Garda Civil, golpeadas, humilladas e paseadas polas rúas de Langreo.

En 1969 era asasinado pola policía en Madrid o estudante de Dereito Enrique Ruano Casanova, de 21 anos e membro do Frente de Liberación Popular (FLP). Fraga chamou ao pai de Ruano para lembrarlle que tiña outra filla, para ameazarlle e esixir que calara.

Cando se solicita permiso para que o poeta Luís Cernuda puidese regresar a España desde o exilio, o ministro Fraga declaraba: “¡Que se quede donde está, ya tenemos bastantes maricones en España!”.

## **9. TROUXO A LIBERDADE DE PRENSA**

*Peche de xornais, expedientes e sanción a medios de comunicación.* Fraga multaba con 50.000 pesetas ao subdirector de La Voz de Galicia, Francisco Pillado Rivadulla. Pola publicación dun artigo de Augusto Assía “Sobre el idioma gallego”, o 26 de xullo de 1968. Este mesmo xornal recibía numerosas multas pola información sobre as mobilizacións de estudantes na Universidade de Santiago.

## **10. UN TECNÓCRATA NO GOBERNO**

*Fraga non pasaba por alí, estaba no consello de ministros participando na represión.* A ditadura asasina a Julian Grimau, diixente comunista. Fraga dirixía, como Ministro de Información, unha campaña de prensa para desacreditar a Grimau, que cualificaba como “sanguinario asesino”. Cando é executado manifestaba: “mañana daré un dossier para que quede claro quién era este caballerete”.

*Asasinatos de Vitoria e Montejurra.* Durante o mandato de Fraga como Ministro de Interior, a policía asasinaba a cinco traballadores en Vitoria á saída dunha asemblea pacífica nunha igrexa o 3 de marzo de 1976 con motivo dunha folga laboral.

*Opiniós sobre Fraga.* José Manuel Caballero Bonadl, escritor e premio Cervantes 2012:

“Fraga se convirtió en uno de los máximos secuaces de la camarilla de Franco y sus actuaciones represivas propiciaron durante años la falta de libertades y la persecución de disidentes. Fue en puridad un cómplice de algunos de los asesinatos llevados a cabo en la última década del franquismo”.

## **11. A RESPOSTA CÍVICA**

*Fraga perde distincións.* O Pleno de Ferrol de 25 de abril de 2019 acordaba retirar a Manuel Fraga a distinción de Fillo Adoptivo concedida en 1965. Cedeira cambiaba en 2020 a avenida Manuel Fraga por Fraternidade e retiráballe a distinción de Fillo Adoptivo.

*Non queremos o “Camarada Fraga” como Fillo Adoptivo.* Este manifesto, promovido por 43 presas e presos políticos de Galiza na ditadura, foi apoiado por 63 historiadoras/es e 56 entidades de toda Galiza. Acababa así:

**COMO SERVIDOR DO FRANQUISMO E MINISTRO DUNHA DITADURA CRIMINAL, MANUEL FRAGA NON MERECE RECOÑECIMENTO SOCIAL, NIN A DISTINCIÓN DE FILLO ADOPTIVO.**